



Filocalia de los Padres Népticos

Tradución do grego, introdución e notas, Juan María da Torre, OCSO
Ed. Montecasino, Zamora, 2016

A Filocalía, a gran descoñecida na Igrexa de Occidente, é o compendio de sabedoría cristiá, que abarca desde os escritos dos Padres do deserto no século IV, ata os monxes do Monte Athos (Grecia) do século XIV. Mil anos de experiencia na práctica da meditación silenciosa ou *hesicasmo* nos desertos de Exipto, Sinaí e Palestina, que foi desembocando na chamada oración de Xesús ou oración do corazón.

Na colección de textos da Filocalía non existe nada de dogmática, nin de moral. Trátase da experiencia mística transmitida duns monxes a outros, da *garda do corazón* –hoxe chamaríase manexo emocional e atención aos pensamentos–, que nos conduce á comunión con Deus, a través da respiración e recitación do nome de Xesús. Non se trata dun documento doutrinal, nin catequético, senón das mesmas fontes da oración sen palabras (1 Cor 1, 17).

Para iso, a linguaxe empregada, é a linguaxe apofática, é dicir, falemos de Deus, non afirmando, definindo ou conceptualizando (o que é linguaxe catafática), senón albiscando o que non é. Así, os padres népticos nomearán a Deus, desde a súa experiencia, como o Invisible, o Incomprensible, Inefable, Indicible..., o que lonxe de negarlle, axústase máis á vivencia da nudez e do baleiro, do non-saber, ante o Misterio.

Por que permaneceu oculta unha ferramenta tan valiosa que nos achega á máis desposuída oración cristiá? Está só reservada para os habitantes dos claustros? Non é este método de oración *hesicasta* moi parecido á práctica zen? Estes e outros interrogantes aparecerán nada máis comezar a lectura da completa e valiosa introdución xeral que fixo o padre Juan María de la Torre. Introdución válida non só para este tomo, senón para os outros catro restantes de que

consta a Filocalía orixinal. Esta publicouse en Venecia no século XVIII, e nel tras un prefacio, discorren unha serie de sentenzas e escritos, seleccionados polos dous compiladores de entón –ambos monxes do Athos–. A Filocalía de hoxe foi fiel a este esquema pero á entrada primitiva que cada autor ten na obra inicial, Juan María engadiu o seu saber actual, clarificando e contextualizado cada un deles.

Filocalía significa amor á Beleza, pero non desde o punto de vista estético, senón «amor de Deus como fonte de todas as cousas belas; unión coa Beleza divina e increada». E esta comunión coa beleza, alcánzase a través da praxe da vixilancia e a sobriedade (*nepsis*; 1 Pe 4, 7), non só física, senón tamén mental. A vixilancia ou atención ao corazón, é unha das prácticas máis antigas do monacato cristián, a través da cal se desmascaran as paixóns humanas, que obnubilan o interior e impiden a contemplación. Xa dicía Evagrio Póntico (s IV) que a cólera é o principal obstáculo para a contemplación ou *hesiquía*. Pero os ermitáns e anacoretas dos primeiros séculos, non quedaban, no que hoxe podería-

mos denominar un coñecemento persoal, senón que iso era a base, para «facer oco» no interior, e que a rumia da Palabra de Deus ou recitación continua dalgunha pasaxe da Escritura, fose afurcando o corazón ata alcanzar o acougo, a paz, o que eles denominan *hesiquía*. Así, a corrente espiritual do *hesicismo*, require atravesar o val onde ten lugar o combate ou clarificación e aceptación das nosas sombras, para chegar ao monte da contemplación e o silencio.

Xa dicía o abade Rufo, que «a *hesiquía* consiste en permanecer sentados» e, lonxe do que poida parecer a primeira ollada, non se trata dun camiño fácil, pero é o único que libera e que nos conduce cara a unha comunión plena e real con Xesús.

Os monxes *hesicastas* foron utilizando o nome de Xesús repetido no seu interior como oración continua, ata que é o Espírito –e non os beizos–, quen pronuncia ese Nome como di San Paulo (Rom 8, 26): «o Espírito ora en nós con xemidos máis fondos que as palabras». Invocar o Nome de Xesús non é un mantra, senón unha relación de comunión co Outro: «Que o re-

cordo de Xesús se una á túa respiración; entón comprenderás a utilidade da *hesiquía*» (Juan Clímaco, s VII). Prodúcese a unión entre o Nome respirado-vivido, e a persoa que ora, de forma que se alcanza a *deificación* ou unión íntima con Deus. Esta é a finalidade da Oración de Xesús, non o acadar unha paz imperturbable, senón mergullarnos na realidade do Inefable, de modo que abrolle o amor. O centro da oración é Cristo, plenitude do corazón, moito máis que un método físico-psíquico, xa que Cristo-Xesús, pola súa morte e resurrección baixou ó máis fondo da persoa, «tocando» o seu misterio interior e converténdose así a oración nun acontecemento histórico-salvífico. Reza o salmo 63, 7: «o ser humano é profundidade e o seu corazón un abismo».

Para poder comprender un pouco todo isto, contamos ago-

ra con esta magnífica tradución do grego antigo, empresa nada fácil, para non traizoar o texto orixinal por unha banda, e facelo intelixible á sensibilidade do século XXI, por outra. Os coñecementos en patrística e Sagrada Escritura do autor, achéganos a esta Tradición cristiá, tan afastada no tempo e na mentalidade e cultura da época. Sen esquecer, todo o espírito monástico encarnado en Juan María de la Torre, a través de moitos anos de práctica de oración silenciosa, de estima pola Palabra de Deus –levada a cabo no exercicio da *lectio divina*–, e celebrada na liturxia no seo dunha comunidade monástica cisterciense. Sabor experiencial *hesicasta* que se desprende destas páxinas.

**Hna. Paula Téllez
González, OCSO**

Mosteiro de Santa María
de Armenteira